

BANDO

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES;

FAI SABER

NORMAS PARA AS CACHARELAS DE SAN XOÁN

Este ano as festas de San Xoán vanse celebrar de novo nunhas circunstancias especiais debido á epidemia provocada pola Covid-19. Para impedir riscos instamos a cumprir cunha serie de normas, tanto de seguridade e prevención de lumes, como de aglomeración de persoas e normas hixiénicas e sanitarias.

SOLICITUDES

- As persoas ou asociacións que desexen realizar unha cacharela deberán presentar a solicitude no Concello de Outes, **antes das 14.00 horas do día 21 de xuño de 2021.**

NORMAS

- 1.- Non está permitido facer as laradas nas **praías, camiños, xardíns ou parques públicos**, nin nas proximidades de masas arbóreas.
- 2.- As laradas situaranse en lugares seguros nos que non exista perigo de propagación accidental cara ás vivendas, instalacións de cableado ou terreos próximos. Arredor da cacharela deixarase unha franxa duns 5 metros libre de calquera elemento combustible.
- 3.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas polo menos 50 m. Os/as responsables deberán contar con medios de extinción suficientes para o seu uso inmediato no caso de ser necesario.
- 4.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pinturas, gomas...).
- 5.- As laradas deben estar baixo vixilancia en todo momento e até que o lume quede completamente apagado, debendo retirar todos os restos que queden unha vez remate o evento.
- 6.- O número de asistentes non superará o que determine a normativa sanitaria de aplicación no momento da celebración da festa.
- 7.- As autorizacións outorgadas non eximirán, en ningún caso, das responsabilidades por danos e prexuízos que tivesen lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.

Asdo.- O Alcalde,

